

# Quinta do 57 (<http://belvisquintado57.blogspot.com/2010/05/macedonia-x.html>)

sábado 29 de mayo de 2010

## **Prisciliano, un mito necesario**

*Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario.* Presentación interesante. A lectura do libro, máis. É un achegamento científico, moi documentado, a Prisciliano, como impulsor do primeiro espertar cultural de Galicia.

Prisciliano, bispo de Ávila, foi decapitado por herexe. A maior parte dos bispos da *Gallaecia*, co triple de extensión da actual Galicia, era priscilianista. Aquí tivo moitos seguidores, sobre todo mulleres. Exería, coetánea súa, posiblemente fose unha delas.

Un libro para reler. Segundo Victorino, Prisciliano é un mito necesario. Para Otero Pedrayo, "unha poderosa individualidade, a maior se cadra que Galiza xerou. Non foi un home illado, foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo". Para Castelao, un dos símbolos meirandes de Galiza e vai o primeiro na procesión da "Santa Compañía dos inmortais galegos".

Achegarse á súa teoloxía, para moitos xenial, é conveniente, porque "os santos son herexes que teñen éxito e os herexes son santos fracasados", segundo L. Racionero. Aparecen moitas citas de Queiruga e de Uxío Romero que defenden a ortodoxia do mártir de Tréveris.

A ignorancia do presente deriva do descoñecemento do pasado. Igual son acaídos aquí os versos de León Filipe:

*Si atentamente miras  
has de hallar en la vida atrocidades...  
Las historias repletas de mentiras  
y las fábulas llenas de verdades.*